

---

Coa participación de:  
Manuel Rivas  
César Calvar  
Óscar Galansky e  
Lourenzo Fernández Prieto



Manuel Rivas na illa de San Simón.



---

DECEMBRO 2016

No salón de Plenos do Concello  
de Moaña os días 16, 22, 28 e 30  
de decembro ás 20 h.

-O día 22, xoves, será ás 19 h.-



CONCELLO DE MOAÑA

---

A NOSA  
HISTORIA

---



José Fandiño Pidre, alcalde no 1936

Ciclo sobre:

**A nosa historia, 80 anos despois**  
Organizado pola Agrupación  
Cultural NÓS coa colaboración do  
Concello de Moaña





**VENRES, 16 DECEMBRO : 20 H.**

Presentación da novela **Tierra de conejos** polo seu autor **César Calvar**.

Trátase da primeira novela publicada polo autor moañés César Calvar, xornalista e redactor-xefe de Estrella Digital en Madrid.

Unha obra escrita en castelán ambientada en Domaio e Moaña no comezo da Guerra Civil hai oitenta anos. Despois de moito traballo de información en diferentes arquivos e de múltiples conversas familiares vains narrando, con personaxes aos que lle cambia nomes ou apelidos, nalgúns casos, as situacións vividas e o sufrimento de todo un pobo e algunhas familias sometidas a unha situación inxusta e dramática naqueles anos. O autor faino coa necesidade íntima de contar os feitos para que non caian no esquecemento.

A construción da novela permítelle ao autor entrelazar feitos reais con creacións literarias de diverso tipo e diálogos imaxinados moi interesantes.

## CICLO SOBRE A NOSA HISTORIA

80 anos despois do golpe de Estado de 1936 queremos lembrar e divulgar os feitos máis relevantes que sucederon en Moaña, en Galicia así como no resto do Estado Español, contando coa colaboración de historiadores, escritores ou cineastas que nos presentarán os seus traballos.



**XOVES, DÍA 22 DECEMBRO: 19 H.**

Conferencia - Coloquio PRESENTACIÓN da Páxina **nomesevoces.net**, un proxecto do Grupo Histagra **histagra.usc.es** dirixido polo Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela **Lourenzo Fernández Prieto**.



**MÉRCORES, 28 DE DECEMBRO: 20 H.**

Proxección da curtametraxe **A guerra dos avós** producida, escrita e dirixida por: **Óscar Galansky**.

Protagonizada por Miro Magariños, Anxo Pérez e César Aldea e outras actrices e actores de Moaña.

Colocación de retratos no salón de plenos do concello.



**VENRES, 30 DECEMBRO: 20 H.**

Proxección da película

**O Lápis do carpinteiro** que será presentada polo autor da novela **Manuel Rivas**.



Fotograma de **O lápis do Carpinteiro**.

Película dirixida por Antón Reixa sobre unha novela de **Manolo Rivas**.